


Magosto 2010

XOGOS

1.- A SEMENTEIRA:

Terán que ir saindo de un en un ata unha tina chea de area onde remexerán empregando unha pa ata atopar unha das Castañas. Ao collela levaranlla a muller para que a poña no seu sementeiro.


(Proba superada: se cada un deles foi quen de atopar a Castaña entre a area)



2.- O RECOLECTOR: (RECOLLECTADOR)

Terán que axudarlle ao dono dos Castiñeiros a recoller as Castañas do seu souto, empregando para elo unha pica a modo de pau para bater nelas e facer que caian dos Castiños e unha escada para chegarlle as máis alonxadas. Cada nen@ só tirará unha Castaña, recollerana do chan e levarana ata a Cesta do home.


(Proba superada: cando collan todas as do Castiño que se lles mande)



3.- COMECASTAÑAS:

Tirarán Cada un a súa Castaña dende unha marca (área de portería) tentando que entre na boca dos animais. Se cae fóra terán que ir collela para dende a marca voltar a intentalo.


(Proba superada: se conseguen dar de comer aos animais todas as Castañas)



4.- O REPARTIDOR:

Axudaranlle ao repartidor a levar as Castañas ata o mercado. O percorrido terano que facer subidos nunha moto levando a Castaña na man. Pasarán sobre unha colchoneta con picas por debaixo, zig-zag entre conos e a montaña (medio cilindro de psicomotricidade). De caerlles a Castaña durante o percorrido, voltarán a súa fila.

(Proba superada: se reparten todas as Castañas que o repartidor lles encargou)



5.- A CASTAÑEIRA:

@s nen@s lanzarán de un en un dúas castañas dentro do asador da castañeira dende unha determinada marca (área de portería). Cando non entren irán a recollelas para poñerse á fila e volver a intentalo.


(Proba superada: se conseguen meter todas no asador)



6.- CARREIRA DE CASTAÑAS:

Igual que nas carreiras de chapas, de dous en dous irán dándolle golpiños cun dedo a unha castaña tendo conta de que non saia do camiño. De sairse da pista colocaranse na fila agardando de novo o seu turno.


(Proba superada: se todos conseguen chegar ao final do camiño sen sairse do camiño)



7.- O ENCESTO:

No medio campo Terán que coller cada un deles un iogur o cal terá atado un cordel que ten no extremo unha castaña. Só cunha man e balanceando a castaña Terán que tentar metela dentro do iogur.


(Proba superada: se todos conseguen metela dentro)



8.- PUZZLE DO MAGOSTO:

Terán que resolver os puzzles pertencentes ao seu ciclo que terán enriba do quitamedos .

(Proba superada: se conseguen resolvelos).



Os equipos cambiarán de proba ao escoitar o sinal , aínda que non a remataran. No caso de finalizala antes agardarán nese lugar sentados mirando aos demais equipos xogar (ou seguen xogando na súa actividade)

Se no tempo dado por proba, conseguen superala – sen trampas- , recibirán un collar cunha castaña de cor que porá o encargado do grupo.

Gaña “O Magosto” o grupo que máis collares consega....

(recibindo as castañas asadas de primeiros)

